

# **CONGRESO**

## **“FORMACIÓN E COMPETENCIAS NA NOVA SOCIEDADE”**

### **DIVERSIDADE NAS AULAS. A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO**

**A Coruña, 14 de abril de 2012**  
**Manolo Rei**

# DIVERSIDADE NAS AULAS. A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO.

Proposta de **contidos**:

**1. Diversidade nas aulas**

**2. A inclusión como oportunidade para o sistema educativo**

**3. O decreto 229/2011, do 7 de decembro. Unha aposta pola inclusión**

NO ME GUSTA ESTUDIAR, PROFE. ¿SOY RARO?

NO, HIJO, CON LO QUE LLEVAS A LA ESPALDA LO RARO SERÍA LO CONTRARIO

SI LA CULPA ES DE TOTS, TOTS TENIM PART DE LA SOLUCIÓ

faro / e-DaCol  
www.e-faro.info




# DINO SALINAS

EN MI ASIGNATURA OS SENTARÉIS EN GRUPOS DE CUATRO, Y LLEVARÉIS UNA LIBRETA COMÚN CON LOS TRABAJOS DEL GRUPO...



QUIERO LAS MESAS SEPARADAS, ESCRIBIRÉIS EN FOLIOS BLANCOS QUE LUEGO INCLUIRÉIS EN UN BLOC...



SENTAROS POR PAREJAS... LOS APUNTES Y EJERCICIOS EN UNA LIBRETA PAUTADA CON UN MARGEN DE...



¿QUÉ TE HA PARECIDO EL PRIMER DÍA DE CLASE?



EN UNA PALABRA:  
**ZAPPING**

DINO

## DIVERSIDADE NAS AULAS. A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO.

Ninguén pode negar a **realidade da diversidade nos centros educativos**. Esa diversidade maniféstase no propio **alumnado** (non hai dous alumnos iguais), no **profesorado**, nos mesmos **centros** e en cada unha das **familias**.

A **inclusión do alumnado representa unha vantaxe** para todas e todos, non un hándicap.

Falar de diversidade non pode quedar só no enunciado dunha ocorrencia ou do que se percibe como politicamente correcto. **A diversidade nas aulas será unha realidade se forma parte dos principios do proxecto educativo** de cada centro e se ten consecuencias no entramado organizativo e no propio traballo docente.

Nas aulas conviven alumnas e alumnos con diferenzas no seu desenvolvemento, nos seus intereses, no seu potencial de aprendizaxe, na súa forma de aprender, nas súas expectativas, nas súas orixes ou procedencias, ... E todas estas **diferenzas danlle un valor engadido** a todo o que sucede na aula.

**Un centro debería potenciar o valor das diferenzas,** por seren unha fortaleza do sistema educativo e por representaren unha oportunidade para a mellora educativa permanente.

É entendible que esas diferenzas son máis visibles no alumnado con discapacidade, pero temos que ser capaces de entender que as diferenzas ou as singularidades afectan a todo o alumnado, polo que **o mesmo menú para todas e todos non serve,** non funciona.

# A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO

1

Se a diversidade é unha realidade nas aulas, a **promoción da participación de todo o alumnado** dunha aula representa un reto, ademais dun dereito; representa unha **oportunidade para a mellora** do sistema.


Xa non abonda con ter dentro da aula ao alumnado diferente, ao que presenta necesidades educativas especiais, ao que necesita coidador ou coidadora, ao que necesita a axuda do profesorado de apoio. **Hai que facer posible** que ese alumnado, **que todo o alumnado, participe nas actividades de aprendizaxe.**



# A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO

## 2

Para que **todo o alumnado participe nas actividades de aprendizaxe** é necesario:



Que os centros adopten decisións presididas polo **interese do alumnado**, polas circunstancias e as necesidades das alumnas e dos alumnos.

Que a distribución do alumnado se realice con criterios de **equidade**.


Que as aulas se convertan en **espazos acolledores**.

Que o **traballo colaborativo** forme parte do enfoque metodolóxico do profesorado.

# A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO

3

Para que **todo o alumnado participe nas actividades de aprendizaxe** é necesario:



Que se preste atención ás emocións, aos **sentimentos do alumnado.**


Que a dotación de **recursos** se realice en función das necesidades do alumnado.

Que as medidas de **apoio** se produzan en **contextos ordinarios.**

# A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO

4

Para que **todo o alumnado participe nas actividades de aprendizaxe** é necesario:



Que o profesorado **adapte o currículo** á realidade de cada alumna e de cada alumno (tempos e instrumentos de avaliación, adaptacións curriculares, ...).

Que o **traballo en equipo** do profesorado forme parte da cultura do centro.

Que se realicen o **seguimento, a avaliación** e as propostas de mellora de todos os programas e proxectos.

# A INCLUSIÓN COMO OPORTUNIDADE PARA O SISTEMA EDUCATIVO

5

O profesorado debemos saber que:

- *O noso papel é ensinar a aprender a alumnado que depende menos ca noutras épocas da escola. (Elena Cano)*

- *Se queremos que aprendan xuntos alumnas e alumnos diferentes, é necesaria unha clase organizada cooperativamente, na que todas e todos colaboran para acadar o obxectivo común de progresar na aprendizaxe". (Pujolàs Maset)*

- Para obter o máximo desenvolvemento de cada quen é necesario **facilitar todo o que unha nena ou un neno necesita para aprender.**

# O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO. UNHA APOSTA POLA INCLUSIÓN

1


O goberno da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, aprobou o pasado día 7 de decembro o **Decreto 229/2011**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Trátase dunha norma que contempla a **inclusión como primeiro principio** (*A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, ...*), que busca un incremento da zona de intersección entre as familias, o profesorado e a propia administración, pois a **inclusión** é un dereito, debendo ser o **norte de todo proxecto educativo**, dado que *“as aulas incluíntes, as que integran a nenas e nenos con diferentes ritmos de aprendizaxe, son máis produtivas cás excluíntes”*. (Rafael Feito Alonso)

# O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO. UNHA APOSTA POLA INCLUSIÓN

2


Aspectos máis salientables do decreto:




**O concepto  
de  
diversidade**



**A diferencia-  
ción entre as  
medidas edu-  
cativas ordi-  
narias e as  
extraordina-  
rias**



**O Plan Xeral  
de Atención  
á  
Diversidade**




**A promo-  
ción da  
escolariza-  
ción ordi-  
naria**

# O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO. UNHA APOSTA POLA INCLUSIÓN

3

Aspectos máis salientables do decreto:



**A garantía da atención educativa en situacións persoais desfavorables**

**A priorización das medidas proactivas**

**A promoción da colaboración das familias e entidades**

**O recoñecemento da formación, a innovación e os procesos de avaliación**

# O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO. UNHA APOSTA POLA INCLUSIÓN

4

O decreto 229/2011 é **totalmente respectuoso** co disposto pola **Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**, de decembro de 2006 (en vigor en España desde o 3 de maio de 2008), na que se establecen, entre outras cousas, que:

- *Non se considerarán discriminatorias as medidas específicas que sexan necesarias para acelerar ou lograr a igualdade de feito das persoas con discapacidade". (artigo 5.4)*
- *En todas as actividades relacionadas cos nenos e coas nenas con discapacidade, unha consideración primordial será a protección do interese superior do neno". (artigo 7.2)*



## Síntese:

- *Manter "vivos" os centros educativos,*
- *colocar ao alumnado no centro do debate profesional,*
- *realizar una equitativa distribución dos recursos e*
- *convencerse de que toda alumna e todo alumno ten algo que aportar*

*son **indicadores** de que a atención á diversidade é unha realidade no noso sistema educativo.*

***Ninguén hai que non poida ser mestre doutro en algo!***  
(Baltasar Gracián)



MOITAS

GRAZAS

A TODAS

E A TODOS